

CONCURSO NACIONAL DE "CONTOS DE NENOS PARA NENOS"

CONVOCADO POLA AGRUPACIÓN CULTURAL O FACHO

Recuperados en 2008 os premios literarios que desde os anos sesenta convocou O FACHO e nos que participaron ou gañaron moitos dos escritores e escritoras que hoxe fan posíbel con a súa obra unha literatura galega de calidade e de grande importancia nas letras universais, realízase a convocatoria para 2024 do Concurso Literario de "Contos de Nenos para Nenos"

BASES DO CONCURSO

PRIMEIRA: PARTICIPANTES:

1. Poderán participar rapaces e raparigas que presenten as súas obras en Lingua galega en calquera das tres normas ortográficas (RAG, Eo-Naviego, Reintegrado, Lusófona).

CATEGORÍA A: Nenos e nenas de 9 a 12 anos

CATEGORÍA B: Rapaces e raparigas de 13 a 16 anos

2. Os traballos presentados deberán ser:

- orixinais e inéditos en toda a súa extensión
- non teren sido premiados en calquera outro concurso ou certame literario
- os seus dereitos de publicación podan ser cedidos à Asociación Cultural O FACHO por período de cinco anos contados a partir do día do fallo do xurado.

3. A participación neste Concurso implica a aceptación das presentes bases.

SEGUNDA: PREMIOS

1. En cada categoría existirán dous premios en metálico coa seguinte dotación económica:

CATEGORÍA A.	CATEGORÍA B
1º PREMIO.	2º PREMIO
500 €.	300 €
500 €.	300 €

TERCEIRA: PRESENTACIÓN DOS CONTOS:

1. Poderá facerse individualmente ou por medio do centro onde curse os seus estudos, por:

a) Correo electrónico: ofacho@ofacho.com

b) Correo postal dirixido à: Asociación Cultural O FACHO, Apartado de Correos n.º 46, Oficina Principal
15002 A Coruña

2. No caso en que sexan os centros escolares os que presenten os orixinais ao Concurso, deberán facer unha pre-selección dun máximo de dous traballos por categoría, calquera outro terá que ser presentado individualmente.

3. Cada autor só poderá presentar unha obra atendo-se aos seguintes límites de extensión:

Categoría A: Un máximo de cinco folios

Categoría B: Un máximo de dez folios

4. As obras haberen de se presentar por triplicado, manuscritas ou mediante editores de texto, encadernadas ou grampadas e levarán por detrás do último folio os seguintes datos:


Nome e apelidos do autor/a.

Enderezo e telefone.

Correo electrónico.

Centro onde cursa os estudos.

Categoría na que participa.



CUARTA: XURADO

1. Os premios serán escollidos por un xurado designado pola Asociación Cultural O Facho

2. Para alén da orixinalidade literaria, o xurado valorará a riqueza lingüística e o coñecemento gramatical reflectido nas obras.

3. O xurado poderá declarar deserto un ou varios dos premios do concurso e será o que deberá resolver aquelas situacións que se presenten e que non estean contempladas nestas bases, así como as dúbidas na súa interpretación.

4. O fallo do Xurado publicarase no mes de Maio.

QUINTA: PRAZO DE ADMISIÓN

1. prazo de admisión de orixinais finaliza o día 6 de Maio do 2024 ás doce da noite.

Segue-nos en Facebook:
Agrupación Cultural O Facho

Blogue:

<http://agal-gz.org/blogues/index.php/ofacho/>

